



VERÁÁÁÁNNNNNNNNNN

Pois si, outra vez, parecía tan lonxe e xa chegou. Xa sodes... un verán máis maiores!!! E anque o sol empece a deitarse cada día un pouquiño antes, ides ter tempo para todo : para festear, para axudar na casa, para xogar, para viaxar, para bicicletear, para incordiar na casa, para pasear, para aburrir, para pensar, para seguir medrando, para ler...

E para iso saímos o rato gordecho e máis eu de

librerías, de feiras do libro, de arañeira e, por se queredes ideas, parecéronnos interesantes estes :

EDUCACIÓN INFANTIL:



- **As aventuras de Osiño- Helga Bansch- OQO:** A Osiño amólalle un pouco a idea de pasar o inverno na súa cova, polo que decide saír de viaxe e coñecer o mar. Durante as catro estacións do ano fará amigos, traballará, coñecerá o mar e, ao regresar á casa coñecerá a ...? Unha nova aventura comenzará entón para Osiño.

- **Onde van os bebés?-Elzbieta-Kalandraka:** Outro de osiños, neste conto dous de peluxe, extrañados polo destino dos bebés, d@s nen@s que xogaban con eles. Que lles pasou? Onde van? Por que xa non lles fan caso?



- **Parece unha rosa- Rosalía de Castro-Espiral Maior:** Un poema de Cantares Gallegos para que podas disfrutar do millor da nosa poesía. Vaiche encantar!!!

- **Os lunares de Lola-M.Peralta e X.Álvarez-Triqueta verde:** O paraugas de Lola devece por saír a pasear os seus lunares, pero hai tanto que non chove. Ten que buscar unha solución.



E ademáis: Pilú Pilú, de S.Isern, Para facer o retrato dun paxaro, de J.Prevert , Pequena Lúa, de Elzbieta ou O paseo de Rosalía, de H.Pat.

PRIMARIA 1º CICLO



- **Que lle acontece á avoa?-M.Peralta e X.Álvarez-Triqueta verde:** A avoa esquece moitas cousas, a súa memoria enléase coma os novelos de la ou as guedellas de pelo. Pero cando calceta vai enfiando lembranzas que lle conta á súa neta.

